Escrito por Marta Dacosta
Luns, 07 Xullo 2014 10:09

Este 5 de xullo reuniuse a Academia Galega. Como cada verán era o seu cometido elixir a persoa que sería homenaxeada no ano seguinte con motivo das Letras Galegas, esa efeméride que, segundo recolle a propia Academia: "*viría ser a data destinada a recoller o latexo material da actividade inteleitual galega.* " (declaración do 20 de marzo de 1963).

Este ano a Academia tiña enriba da mesa cinco propostas, entre elas as de tres autores: Carvalho Calero, Manuel María, Xela Arias, de traxectoria literaria intensa, fulcral na construción da literatura de noso desde parámetros ben diferentes, mais esencial e necesaria. Entre eles un autor que vén sendo reclamado pola sociedade galega como homenaxeado e respecto do cal o silencio da Academia acaba por se converter en estigma, ante a incapacidade de lle recoñecer o papel imprescindíbel que tivo na nosa cultura. Naturalmente refírome a Carvalho.

Centrándose no literario, os méritos de cada un dos autores xa os expuxo con precisión e síntese o Sermos Galiza. E entre todos a Academia opta por aquel que menos espazo ocupou nos estudos literarios contemporáneos, sendo talvez a mención máis extensa a que realiza o propio Carvalho Calero na súa inesquecíbel *Historia da literatura galega*, onde queda patente que a obra literaria de Filgueira ocupou unha pequena parte da súa traxectoria e é, significativamente, anterior á 1936. Así que en 2015 a Academia propón un autor que a penas conta cun volume de narracións,

Quintana viva
, unha obra dramática,
Agromar
, e algúns poemas,
6 cancións de mar “in modo antico”
. Velaquí a súa traxectoria puramente literaria que non resiste a comparación coa obra doutros autores que quedaron na gabeta. Unha obra que dificilmente encontraremos nas antoloxías literarias.

Mais a propia Academia xa sinala o seu labor de investigador. E tamén aquí as comparacións son teimudas e dinnos, que existe outra obra de investigación meirande que segue sen recibir o recoñecemento que merece.

Hai precisamente dez anos publicaba un artigo en que recollía a necesidade de homenaxearmos a Carvalho. Cantos máis anos pasan, máis afonda a necesidade. Mais, aínda que considero que existe unha débeda co autor e que urxe a súa escolla, unha escolla que nos tería permitido centrar a nosa festa na dignificación e solidez da nosa literatura, tería aceptado de bo grao a aposta por un Manuel María que nos permitiría homenaxear o amor á lingua e convocar as xeracións máis novas, ou a de Xela Arias poñendo de relevo a entrega á creación poética e a procura de camiños singulares.

Mais... nada disto será posíbel en 2015.